

PRESENTACIÓN

A relación entre cultura e participación foi probablemente o pilar metodolóxico e o obxecto de debate máis substantivo sobre do que xirou a acción cultural desde o momento en que as nosas sociedades occidentais, sobre todo a partir de finais da década dos anos cincuenta, se propuxeron integrar a acción cultural como unha ferramenta máis ó servizo da construción dunha cidadanía moderna e democrática.

E esta relación coidamos resulta substantiva alomenos por tres motivos:

En primeiro lugar, por mor de que o nexo entre cultura e participación áchase implícito dado o feito de que non existe cultura sen comunicación, do mesmo xeito que a existencia mesma da cultura depende do feito social participativo de compartirmos unha serie de valores e visións do mundo.

En segundo lugar, porque os creadores e difusores da cultura aspiran sempre a transmitir as súas obras e creacións e a acadar o máximo nivel de espallamento e recoñecemento, o cal resulta imprescindible para que as culturas se manteñan e reproduzan.

E, en terceiro lugar, en virtude tamén do feito de que o risco de adscrición do gozo da cultura a algúns sectores sociais privilexiados foi o acicate inicial que animou os estados benefactores para que orientasen os seus esforzos na dirección dunhas políticas culturais democratizadoras tamén no eido da cultura.

Neste senso o labor que o Consello da Cultura Galega desenvolve orientado ós axentes culturais de Galicia aspira a afondar neste obxectivo de formación, reflexión e difusión respecto daquelas experiencias que nos poden servir tanto de pretexto para reflexión como de modelo en que inspirármonos.

As contribucións que incluimos nesta obra pretenden achegar liñas de análise e marcos teóricos de reflexión ó tempo que mostrar tamén algunhas das experiencias máis relevantes que se desenvolveron neste eido dentro e fóra da nosa comunidade.

Neste senso, os catro traballos introductorios foron elaborados por autores que teñen un perfil dobre de carácter académico e investigador, ó tempo que de persoas implicadas de vello e en tanto que cidadáns nos desafíos participativos da acción cultural e comunitaria. Por outra banda, os dous traballos do inicio, o de X. Bouzada e o de A. Ariño, teñen unha orientación de carácter máis xenuinamente teórico. Na achega de X. Bouzada realízase un esforzo introductorio que aspira a elucidar a dobre face dunha dialéctica que oscilou entre a progresión no vínculo que achega cultura e participación e a xénese dunha máis específica e especializada cultura da participación, a cal nos últimos tempos estaría a tomar forma aplicada á promoción de diversos procesos de tipo social, político e cultural. No artigo do profesor Ariño abórdase a análise da relación entre a promoción do patrimonio e a cultura popular. Tras levantar acta de que estamos a vivir nun momento de auxe do patrimonial, a súa proposta vai rexeitar unha concepción esencialista e reificada do patrimonio, postulando máis ben a súa capacidade para actuar como un factor dinámico capaz de contribuír na formación da identidade e da cultura popular. Será por isto que o patrimonio poida estar a actuar hoxe coma unha ferramenta de mobilización inspiradora dun movemento asociativo de grande alcance e calado.

Os outros dous traballos que incluimos na primeira parte teñen unha orientación paralela no senso de que ambos os dous realizan unha contribución metodolóxica no eido da promoción de dinámicas participativas a partir de senllas experiencias de acción

sociocultural. Na achega de Óscar Rebollo destílanse unha serie de propostas metodolóxicas contrastadas coa experiencia do Plan Comunitario de Trinitat Nova en Barcelona. A amplitude e os logros participativos acadados por este plan, posto en marcha a partir do ano 1996, evidencian como unha colaboración entre universitarios e comunidades activas pode dar froitos sólidos. A pedagogía da participación sitúase aquí como unha ferramenta útil para acadar unha mellor calidade de vida na comunidade mentres que a metodoloxía que se propón foxe do cientifismo buscando implicar os veciños na resolución dos problemas que eles mesmos identificaran. Manuel P. Rúa, pola súa banda, contribúe cun traballo orixinal en que, tras estudar a presenza acadada pola actividade teatral na península do Morrazo, nos mostra como as dinámicas participativas se atopan directamente relacionadas coa existencia de procesos estables e sostibles no eido da actividade e programación cultural.

Na segunda parte da obra incluimos unha serie de experiencias de cultura participativa que atinxen a sectores e modelos de programación diferentes. A primeira delas recolle o traballo realizado polo concello portugués de Palmela, situado na grande área de Lisboa. A súa experiencia resulta particularmente suxestiva dado o feito de que a súa é unha experiencia vizosa en que se funden as dúas dimensións que nos serven de marco teórico de partida: a promoción dunha liña de acción cultural participativa, xunta co desenvolvemento ó abeiro dos seus presupostos participativos, dunha cultura da participación.

Outras das experiencias recollidas nesta segunda parte remiten a iniciativas relevantes e vizosas postas en marcha nalgún dos nosos concellos de tamaño medio: o novidoso "Festival da Cultura Quente" en Caldas de Reis, ou o evento cultural e histórico-participativo da Festa da Arribada, organizada polo concello de Baiona.

Asemade as liñas de acción existentes en pequenos concellos e comunidades é abordado nas colaboracións de Chao Quintana sobre do concello de Vilar de Santos e na de Antonio R. Corbal sobre da parroquia de Lodoselo na Limia.

O papel do asociacionismo como motor de participación cultural figura representado con dúas das experiencias máis dilatadas, ambiciosas e relevantes das existentes no país, a da asociación Xermolos de Guitiriz e a do Centro Veciñal e Cultural da parroquia de Valadares, preto de Vigo.

O prestixioso Plan Comunitario de Caranza, que nos acheга un dos seus máximos promotores, Antonio Rico, e a experiencia da Casa da Xuventude de Ourense, que leva desde hai anos con tanto entusiasmo como orixinalidade Benito Losada, amplían o abano de experiencias ós casos respectivos das comunidades dos barrios e os equipamentos socioculturais.

O ramo ó libro ponllo o relato da experiencia dunha novidosa asociación que pretende favorecer a participación na sociedade dos xubilados coma un colectivo emerxente que conta cun forte potencial de liberdade, destrezas e coñecementos cos que contribuír ó desenvolvemento das nosas comunidades.